DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
REXISTRO XERAL
12 MAR. 2018
N.º ENTRADA | N.º SAIDA 3725.

Copia

DEPUTACIÓN OURENSE
PRESIDENCIA

En contestación as preguntas formuladas na sesión plenaria de data 23 de febreiro de 2018,

- En relación coa primeira pregunta na que dí :¿ Cal é o monto económico que se lle ten dado á Asociación Autismo Ourense dende o ano 2008 ata o día de hoxe ? Achégolle informe da xefa da Sección de Subvencións e informe do Director da Área de Benestar.
- En relación coa segunda petición plantexada na que di: "Queremos pedirlle tamén que se nos dea traslado de toda a documentación que faga referencia ao actual edificio de correos que obren en poder da Deputación no arquivo provincial " achégolle informe da xefa de sección de Arquivo e Publicacións e copia en papel do expediente remitido por publicacións.
- Respecto a terceira pregunta formulada que di: " Asinou por decreto modificacións de crédito para transferencias........Pedimos que se nos dea unha relación detallada desas partidas" achégolle relación.
- Respecto a cuarta pregunta formulada que di: " Tamén aparece na relación de decretos un traballo que se realizou de sondaxe e tamén nos gustaría que se nos chegara unha copia deste traballo demoscopico" achégolle copia da documentación.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 9 de marzo de 2018

DEPUTACIÓN PROVINCIAL OURENSE

O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

RAMIRO RODRÍGUEZ SUÁREZ, deputado provincial do Grupo BNG.

Grupo de BNG..- Deputación Provincial de Ourense.